

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

IES. AGRA DO ORZÁN

CURSO 2023 - 2024

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN e PROMOCIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora para constituirse así nun instrumento de mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

En canto as técnicas a empregar, consideramos de especial interés combinar diversas técnicas para poder obter unha visión máis realista do coñecemento acadado polo alumnado. A combinación de técnicas diversas facilita tamén a adaptación a todo tipo de contidos: conceptuais, procedimentais e actitudinais. Usaremos pois técnicas de avaliación comprensiva e formativa e de autoavaliación combinando os seguintes instrumentos que a continuación se describen:

1. **Exames de contido teórico** para valorar a capacidade de explicar e expresar correctamente por escrito os contidos traballados. Valorando especialmente:

- A expresión concisa e clara dos aspectos fundamentais.
- A capacidade de síntese.
- A coherencia na narración.
- A argumentación lóxica en torno a unha resposta.

2. **Traballo grupal**: coreografías, práctica instrumental e vocal de conxunto, creación, construción de instrumentos, traballos de investigacións, etc. Valorando especialmente:

- Capacidade de traballo en grupo.
- Habilidades sociais na toma de decisións e no manexo de conflitos.
- Psicomotricidade fina: coordinación óculo-manual e asimetría de movementos.
- Expresión artística.

- Habilidades propias dun proceso de investigación: capacidade analítica, organización dos tempos, selección da información máis axeitada e capacidade de síntese.

3. **Comprensión e seguimento da audicións** a través do desenvolvemento de habilidades:

- escoita selectiva.
- Comprensión do código de lectoescrita musical.
- Comprensión doutros códigos alternativos como musicogramas.

4. **Creación de pezas propias.** Escríbilas usando a linguaxe musical convencional apoiado por outro tipo de graffía ou código alternativo. Valorando especialmente:

- A capacidade de comprender unha norma e aplicala creativamente.
- O desenvolvemento do sentido estético.

5. **Improvisación guiada,** usando parámetros musicais sinxelos. Valorando especialmente:

- A capacidade creativa.
- O respecto as producións dos compañeiros.
- O desenvolvemento da capacidade crítica.
- A capacidade de concentración.

6. **Exposición oral** sobre un tema traballado:

- Capacidade de seleccionar a información precisa
- Capacidade de síntese
- Capacidade de afrontar a exposición oral

7. **Observación directa e diario de clase:**

- Para poder apreciar procedementos e actitudes do alumnado ao afrontar unha tarefa.
- Permite apreciar a evolución dos alumnos ao longo do curso.
- Axuda tamén a autoavaliación da práctica docente ao aportar interesante información sobre o discorrer das clases.

Os alumnos e alumnas que non superen algunha das avaliacións, poderán recuperala na seguinte a través dun exame dos contidos específicos de cada unha das avaliacións. Para os contidos comúns que teñen un carácter progresivo será suficiente con que aproben a avaliación en curso. Cada alumno coñecerá a súa puntuación en cada un dos aspectos traballados e será igualmente informado do proceso de recuperación que debe seguir.

Debido a que a materia é altamente procedimental os **criterios de cualificación** serán os seguintes:

1. Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical, da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 45% da nota final.

O exame escrito contará con algunhas preguntas tipo test e outras de redacción, explicación de contidos e de análise de audicións ou partituras. Farase un exame trimestral, podendo nalgunhas unidades realizar exames parciais e facer a media entre todas as actividades de avaliación escritas do trimestre, contando un 15% o exame trimestral, e outro 15% a media dos exames parciais feitos por unidades.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. Contidos prácticos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, traballo na aula e na casa, os traballos a presentar, traballos grupais de investigación e creación musical sendo logo un 55% da nota final.

A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas. En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:

- 1º Trimestre: 30%

- 2º Trimestre: 30%

- 3º Trimestre: 40%

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a media será 8.